



FICHA RESUMO

PE 403A 2010/29-5

Ano	2011
Entidade	CONFRARIAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA, LOURIZÁN E RAXÓ
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	ZONA LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), chirla (<i>Ch.gallina</i>), cornicha (<i>Spisula solida</i>), reló (<i>Dosinia exoleta</i>), longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>), bígaro (<i>Littorina littorea</i>) e lapa (<i>Patella spp</i>)
Ambito do plan	Zonas intermareais incluídas na parte interna da liña imaxinaria que une punta Santa Mariña, na beira norte da ría de Pontevedra coa esquina noroeste do convento sito na Punta Placeres, na zona sur da ría, e desde este punto ata o faro verde da escolleira da canalización do río Lérez.
Subzonas de explotación	
PLACERES GAL 10/08-1	PO 022 – zonas 6, 7, 5, 3: zona delimitada pola liña imaxinaria que vai de pta. Praceres ata o dique sur (con enfilación o peirao de Lourido) e de aquí ata o extremo exterior do dique sur.

GAL 10/08-2	PO 022 – zonas 6, 5, 4, 3, 2 e 1 zona delimitada pola liña imaxinaria que vai de pta. Praceres ata o peirao de Lourido cara ao interior da ría.
LOURIDO GAL 10/08-2	PO XXX - a Puntada
CAMPELO GAL 10/07	PO 020 – Polvorín PO 018 – O Ameixal (A1 e A2) PO 015 – Praia do peirao de Campelo
COMBARRO GAL 10/07	PO 012 – Combarro-Pontevedra (C1, C2 e C3) Combarro-Raxó de peirao de Chirino ó de Chouza
LITORAL RAXO GAL 10/06	PO 005 – O Laño PO 004 - O Carballo PO 003 – Raxo PO 002 – Xiorto

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
396	-	-
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-



Calendario de explotación

Días máximos de extracción	130 (ver consideracións)											
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾	de xaneiro a decembro											
Modalidade: A PE												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura (ver consideracións)

Especies	Unha especie (mariscadora/día)	Dúas ou máis especies (mariscadora/día)
Ameixa fina	4 kg	4 kg
Ameixa babosa	Por cada quilo que non se extrae de ameixa fina equivale a 2 kg de babosa. Exemplo: 3 kg de fina e 2 kg de babosa.	
Berberecho	15 kg	5 kg
Ameixa xaponesa	15 kg	15 kg
Ameixa bicuda	2 kg	2 kg
Reló	Determinarase na resolución de apertura	
Chirla	2 kg	2 kg
Longueirón	2 kg	2 kg
Bígaro	3 kg	3 kg
Lapa	2 kg	2 kg

Artes a empregar	Sacho, legón, angazo
Puntos de control	Lourizán, Puntada, Polvorín, Ameixal, lonxa de Campelo, A Ostreira (Campelo), A Reiboia (Combarro). Padrón (Combarro), A Canteira, D. Bernardo, Ouriceira, O Covelo, O Laño, O Carballo, Xiorto e Raxó.
Puntos de venda	Lonxa de Campelo, A.I.E

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Accións no banco de Combarro e A Seca; eliminación do lombo da Seca e o seu traslado á zona fangosa superior; eliminación do lombo de Lourido e arados frecuentes e intensos; no banco da Puntada arados frecuentes e intensos; eliminación do lombo de Placeres; apertura de novos boquetes; adecuación do acceso ao banco de Placeres, adquisición dunha batea de preengorde de ameixa fina, adquisición de semente de ameixa fina e babosa.	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: De Fontemaior, Chancelas, A Cantareira, praia do peirao de Campelo, A Ostreira, Puntada, baixo a ponte da autopista, zona 1 de Placeres Extracción de semente de ameixa xaponesa para a venda a entidades asociativas do sector que continúen o cultivo.	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xiorto, O Laño, Combarro, Ameixal, Polvorín e zonas 2 a 7 de Lourizán Especies: todas as incluídas no plan	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X



Zonas: todos os bancos e zonas de explotación												
Especies: todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: todos os bancos aproveitando os excendentes do peneirado no punto de control.												
Especies: ameixa fina, xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Limpeza de algas en todos os bancos, empregando tractores e/ou rastros.												
Limpezas de mexillón en zonas concretas.												
Arados en todos os bancos.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Control de depredadores (<i>Cyclope neritea</i>) mediante nasas.												

Outras consideracións

Zona de traballo cómpre sinalar que da información dispoñible despréndese que a confraría de Raxó non ten autorizacións ni concesións, e que a confraría de Pontevedra ten unha autorización de 289.000 m² no distrito marítimo de Sanxenxo e Marín.

Participantes: o número total de permisos en vigor é de 396. Na relación achegada ao plan atópanse as seguintes incidencias:

- Non renovaron o permex:
- Non se inclúen no plan presentado e teñen o permex en vigor:

Proposta de ampliación: Neste momento as condicións dos bancos non son as máis adecuadas (clasificación microbiolóxica dos bancos) polo que non se considera factible a posibilidade de ampliar permisos para cubrir as prazas vacantes.

Calendario de extracción: O calendario quedaría tal e como se indica na ficha aínda que permaneza pechado parte do banco de Praceres (pola súa clasificación sanitaria), dada a alta densidade de ameixa atopada tal e como se comprobou nas últimas mostraxes realizadas no mes de setembro, superando nos tres bancos principais os 100 ind/m², que permitiría unha explotación sostible de 130 días.

Entre os meses de abril e xuño, establecerase un calendario de extracción que permita que as zonas máis produtivas descansan durante 1 mes continuo. Neste período, o 40% dos días de explotación corresponderán ás zonas de baixa produción (Placeres Z-1, Z-2 e Z-3) e zonas altas do resto dos bancos.

Deberán concretar cantos días adican a extracción de ameixa xaponesa e zonas altas. Os días adicados a extracción normal non debería superar os 84 (7 días/mensuais), quedando 46 para a extracción de zonas altas e/ou xaponesa exclusivamente.

Son considerados como **días inhábiles para a extracción:**

- 30 de novembro: confraría de Lourizán



- 21 de abril: confraría de Pontevedra
- 12 de marzo: confraría de Raxó
- ademais dos festivos locais do concello de Poio (pola ubicación neste concello da lonxa de Campelo A.I.E.)

Cotas máximas de captura: As cotas son as que se recollen na ficha, coas seguintes especificacións:

- **ameixa fina** quedará fixado nos primeiros meses de campaña en 2-3 kg/mariscadora/día, para a maioría dos días aprobados no plan. O tope de 4 kg só se poderá autorizar para un máximo de 20 días.
- **ameixa babosa** dependerá do tope de ameixa fina coa equivalencia de 2 kg de ameixa babosa por cada un que non se extraia de ameixa fina.

Os excesos dos cupos, unha vez realizado o control, deberán ser devoltos ao mar, polo que se recomenda que establezan mecanismos para facer fronte aos gastos do punto de control.

Arte ou técnica de extracción, acéptase a proposta das confrarías que non se empregue a técnica da burata como método de extracción. Asímesmo, infórmase que a gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118^o do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental. No caso de aprobarse o plan experimental de gancha a pé as únicas zonas onde estaría autorizado sería:

- no banco de Praceres: zonas 6 e 7
- no banco de Ameixal: nas zonas baixas está prohibido traballar sobre os areos
- no banco de Combarro: prohibido traballar sobre os areos
- todos os bancos de Raxó: Bernardo, Laño, Ouriceira, Carballo, Xiorto, Covelo, Raxó e Canteira

Horario de traballo, acéptase que sexa como máximo de 4 (*) horas de actividade extractiva, iniciándose a máis tardar as 14:00 horas, sempre e cando o desenvolvemento da actividade se realice no período de tempo autorizado no Decreto 424/1993 é dicir, entre 2 horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, tendo como límite as 17 horas.

Solicitan poder realizar a actividade extractiva de semente de ameixa xaponesa en horario de tarde, isto é posible sempre que non superen as 17 horas.

Revalidación dos permisos de explotación: computarán os días de realización das labores de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos. Acéptase a petición do colectivo de que non terán a mesma consideración a efectos de cómputo, os días adicados en exclusiva á extracción de ameixa xaponesa para venda ás entidades asociativas do sector ou concesionarios que continuarán co seu cultivo. O certificado no que se acredite a realización das labores anteriores por parte das mariscadoras detallará os días a efectos da revalidación do permiso de explotación, e virá asinado pola persoa responsable da organización dos traballos e o/a representante legal da confraría.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior



Deberán achegar, antes do inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Deberá acreditarse a aprobación da proposta de plan polos órganos competentes das confrarías.
- Deberán indicar as causas da non inclusión de: **J**

Recomendacións para a mellora do plan:

- Elaborar un plan financeiro.
- Elaborar un plan de vixilancia conxunto.